

CICLO DE CINEMA

DEREITOS HUMANOS

Do 19 ao 23 de xaneiro de 2009
Teatro Principal
Santiago de Compostela

Luns 19

20.15 h TROPA DE ÉLITE
José Padilha

22.30 h SOMERS TOWN
Shane Meadows

Martes 20

20.15 h BUCAREST, LA MEMORIA PERDIDA
Albert Solé

22.00 h TROPA DE ÉLITE
José Padilha

Mércores 21

20.15 h CAMINO
Javier Fesser

22.45 h LA QUESTION HUMAINE
(A CUESTIÓN HUMANA)
Nicolás Klotz

Xoves 22

20.15 h SOMERS TOWN
Shane Meadows

22.00 h LA QUESTION HUMAINE
(A CUESTIÓN HUMANA)
Nicolás Klotz

Venres 23

20.15 h BUCAREST, LA MEMORIA PERDIDA
Albert Solé

22.00 h CAMINO
Javier Fesser

Venda de localidades:

Localidades á venda no teléfono 902 434 443
e www.caixagalicia.es


Despacho de billetes
aberto a partir das 18.00 h

Prezo da entrada: 3 €

Abono para 6 películas: 12 €

venta de entradas
902.43.44.43
www.caixagalicia.es

CAIXA GALICIA



LA QUESTION HUMAINE (A CUESTIÓN HUMANA)

FICHA ARTÍSTICA

Simon **Mathieu Amalric** Mathias Jüst **Michael Lonsdale** Louisa **Laetitia Spigarelli** Karl Rose **Jean-Pierre Kalfon** Lynn Sanderson **Valérie Dréville** Lucy Jüst **Edith Scob** Arie Neumann **Lou Castel** Isabelle **Delphine Chuillot** Jacques Paolini **Rémy Carpentier** Tavera **Nicolas Maury** Miguel **Erwan Ribard**

FICHA TÉCNICA

Dirección **Nicolas Klotz** Guión **Elisabeth Perceval**; a partir da novela *La question humaine* de **François Emmanuel** Producción **Sophie Dulac** e **Michel Zana** Música **Syd Matters** Fotografía **Josée Deshaies** Montaxe **Rose Marie Lausson** Deseño da produción **Antoine Platteau** Vestiario **Dorotheé Guiraud**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia** Ano **2007** Duración **144 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Simon (Mathieu Amalric) traballa como psicólogo no departamento de recursos humanos dunha gran multinacional petroquímica. O seu labor consiste na organización de *raves* e xogos de rol onde os empresarios mozos son levados á extenuación para detectar as súas fraquezas e aptitudes. A fría e calculadora vida de Simon vaise ver alterada cando, un día, un dos directivos lle encarga unha misión confidencial: que investigue o director xeral da empresa, porque cren que está perturbado mentalmente. Inmerso nunha estraña conspiración, Simon irá vendo como a súa existencia se vai fendendo, invadida polos ecos dun pasado sinistro que van facer que se enfrente coa “cuestión humana”.

TROPA DE ELITE

FICHA ARTÍSTICA

Capitán Nascimento **Wagner Moura** André Matias **André Ramiro** Neto **Caio Junqueira** Capitán Fábio **Milhem Cortaz** Maria **Fernanda Machado** Rosane **Maria Ribeiro** Edu **Paulo Vilela** Roberta **Fernanda Freitas** Rodrigues **André Mauro** Baiano **Fábio Lago**

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Padilha** Guión **José Padilha**, **Rodrigo Pimentel** e **Bráulio Mantovani** Producción **Marcos Prado** e **José Padilha** Música **Pedro Bromfman** Fotografía **Lula Carvalho** Montaxe **Daniel Rezende** Deseño da produción **Tulê Peake** Vestiario **Cláudia Kopke**

DATOS TÉCNICOS

País **Brasil** Ano **2007** Duración **115 min**
Xénero **Drama, suspense**

SINOPSE

Río de Xaneiro, 1997. A Nascimento (Wagner Moura), capitán do BOPE (Batallón de Operacións Especiais da Policía), a tropa de elite da Policía de Río, asígnanlle o mando dun dos grupos que ten a misión de “pacificar” as favelas do outeiro de Turano por mor da visita de Xoán Paulo II, que se vai instalar nunha zona próxima. O capitán, baixo unha presión constante, empeza a notar os efectos da tensión. Ten que cumprir as ordes recibidas, mentres intenta que lle atopen un substituto, xa que a súa muller, Rosane (Maria Ribeiro), está a piques de dar a luz e pídelle constantemente que abandone a primeira liña do Batallón. Nestas condicións, chámanos para outra emerxencia máis nunha favela. Durante un tiroteo nunha festa *funk*, Nascimento e os seus teñen que salvar dous aspirantes a oficiais da policía: Neto (Caio Junqueira) e André Matias (André Ramiro). Desexosos de entrar en acción e impresionados pola actuación dos seus salvadores, os dous preséntanse como candidatos para o curso de formación do BOPE.



BUGAREST, LA MEMORIA PERDIDA

FICHA TÉCNICA

Dirección **Albert Solé** Guión **Albert Solé** Producción **Loris Omedes** e **Albert Solé** Música **David Giró** Fotografía **Ibon Olaskoaga** Montaxe **Ibon Olaskoaga**

DATOS TÉCNICOS

País **España** Ano **2008** Duración **80 min** Xénero **Documental**

SINOPSE

Bucarest, la memoria perdida é un documental de 80 minutos sobre a memoria. Narra a busca persoal que fai Albert (un xornalista que naceu no exilio en 1962) por recuperar as súas propias raíces, enmarcadas entre un dobre exilio. O seu pai, o político español Jordi Solé Tura, que se acabaría convertendo nunha figura clave durante a Transición española, foi obrigado a exiliarse por mor da súa militancia antifranquista a finais dos anos 50. Agora, tras unha vida repleta de experiencias políticas e persoais apaixonantes, Jordi iniciou un novo exilio interior, esta vez sen posibilidade de retorno: loita contra o Alzheimer. A súa memoria vaise perdendo a medida que pasan os días. Este documental pretende recuperar os recordos dunhas vidas atípicas, no que se mesturan personaxes históricos como Santiago Carrillo, Jorge Semprún, Manuel Fraga ou Jordi Pujol, con episodios pouco coñecidos da loita contra o franquismo e a Guerra Fría. Para Albert, moitas destas experiencias son os recordos difusos dun meniño. Viaxará dun exilio para o outro intentando recompoñer a memoria da súa familia, a súa propia memoria.



SOMERS TOWN

FICHA ARTÍSTICA

Tomo **Thomas Turgoose** Marek **Piotr Jagiello** María **Elisa Lasowski** Graham **Perry Benson** **Ireneusz Czop** Jane **Katie Dickie**, **Huggy Leaver**, **Tomasz Kamola**, **Sebastian Palka**, **Anna Jensen**, **Ryan Ford**, **Levi Hayes**

FICHA TÉCNICA

Dirección **Shane Meadows** Guión **Paul Fraser**, Producción **Barnaby Spurrer** Música **Gavin Clarke**Fotografía **Natasha Braier** Montaxe **Richard Graham** Dirección artística **Lisa Marie Hall** Vestiario **Jo Thompson**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido** Ano **2008** Duración **71 min**
Xénero **Drama, comedia**

SINOPSE

Nada máis cumprir os 16, Tomo (Thomas Turgoose) deixa de estar baixo a tutela dos servizos sociais e escapa para Londres, onde o espera unha vida solitaria e chea de dificultades. Marek (Piotr Jagiello), un inmigrante polaco, vive co seu pai, que pasa as noites bebendo cos amigos. Marek é un fotógrafo entusiasta, tranquilo e sensible que non está cómodo no mundo do seu proxenitor. Tomo e Marek tratan de se adaptar ao seu novo ambiente e, tras un encontro casual en Somers Town, Londres, forman unha inesperada alianza. Sen que o saiba o seu pai, Marek acolle a Tomo na súa casa. Os dous mozos empezan a ganhar diñeiro cos proxectos dun excéntrico e emprendedor veciño. Mentres, a musa de Marek, María (Elisa Lasowski), unha camareira francesa, convértese na obsesión dos dous rapaces. Pero cando ela regresa a París de forma inesperada, os rapaces quedan desolados. A situación vai a peor cando o pai de Marek descobre a Tomo e o bota da casa. Aínda que teñan que viaxar a París, os rapaces están dispostos a chegar ata o límite con tal de atopar a María. Só así, a través da amizade, lograrán a redención.



CAMINO

FICHA ARTÍSTICA

Camino **Nerea Camacho** Gloria **Carmen Elías** José **Mariano Venancio** Nuria **Manuela Vellés** Inés **Ana Gracia** Tía Marita **Lola Casamayor** Cuco **Lucas Manzano** Don Miguel **Ángel Pepe Ocio** Begoña **Claudia Ortero** Don Luis **Jordi Dauder** Mr. Meebles **Emilio Gavira** Elena **Miriam Raya**

FICHA TÉCNICA

Dirección **Javier Fesser** Guión **Javier Fesser** Producción **Luis Manso** e **Jaume Roures** Música **Rafa Arnau** e **Mario Gosálvez** Fotografía **Alex Catalán** Montaxe **Javier Fesser** Dirección artística **César Macarrón** Vestiario **Tatiana Hernández**

DATOS TÉCNICOS

País **España** Ano **2008** Duración **143 min** Xénero **Drama** Estrea en España **17 Vde outubro de 2008**

SINOPSE

Pamplona, xuño de 2001. Camino (Nerea Camacho), unha fermosa e doce nena de once anos, vive os derradeiros momentos no cuarto dun hospital. Rodeada de familiares, amigos, sacerdotes e un número inusitado de persoal clínico, dálles a todos un exemplo de morte serena e feliz. Nunha atmosfera de santidade e cando parece que a morte xa é inevitable, ocorre algo extraordinario no cuarto. Inspirada en feitos reais, *Camino* é unha aventura emocional en torno a unha extraordinaria nena de once anos que se enfrenta ao mesmo tempo con dous acontecementos que son completamente novos para ela: namorarse e morrer.